



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



Xacobeo 21-22

SUBMEDIDA 6.1 CREACIÓN DE EMPRESAS PARA AS PERSOAS AGRICULTORAS MOZAS

(Procedemento MR404A)

Febreiro 2022

0) IDADE

Ter entre 18 e 40 anos no momento da solicitude
(ambos incluídos)

1) PROCESO DE INSTALACIÓN

- Alta en Hacienda en actividades agrarias
- Alta na Seguridade Social agraria
- Alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia como titular ou socio dunha entidade asociativa titular dunha explotación agraria (ser titular ou socio dunha explotación)
- Ter totalmente subscrito e desembolsado o capital social que lle corresponda á persoa moza (! Se acreditará o importe ou ben valorado e data da achega na propia escritura ou con copia da transferencia bancaria)

1) PROCESO DE INSTALACIÓN

O proceso de instalación **pode estar iniciado antes da solicitude**, pero **non** poderá estar **finalizado** (agás incorporación nas modalidades “especiais”)

(!! Xubilacións, incapacidades ou falecemento do anterior titular)

Ademais, para ter dereito a esta axuda **non** puideron terse **ingresos agrarios** (non se considerarán os da venda esporádica de produtos silvestres ou castañas de souto tradicional, así como a venda de madeira, **ou no caso de incorporación nas modalidades “especiais”**).

(!! Os asalariados ou colaboradores familiares non estarían a incumprir estes requisitos)

1) PROCESO DE INSTALACIÓN

A recomendación é non facer nada (non dar ningún paso no proceso de instalación) ata que veña aprobada a axuda. De ser posible, os pasos serían:

- 1) Solicitud da axuda
- 2) Resolución favorable da axuda (ex. 31/12/2022)
- 3) Instalación (executar todos os pasos do proceso de instalación). O prazo para facelo será como máximo de 9 meses dende a resolución da axuda (ex. 30/09/2023). Unha vez finalizado o proceso de instalación, e nese mesmo prazo, se procederá á comunicación do primeiro pago da axuda de incorporación (adianto do 60%)
- 4) **Execución do plan empresarial** que terá unha duración de 2 anos dende o remate do proceso de instalación. Poderá solicitarse o segundo pagamento da axuda (40 % restante) unha vez cumprido o plan empresarial e nunca antes dos dous meses anteriores á data do seu remate.

Ex. Remate do proceso de instalación: 27/05/2023 (dentro do prazo dos 9 meses) → fin do plan empresarial: 27/05/2025 → prazo para solicitar o segundo pagamento: do 27/03/2025 ao 27/05/2025

2) TIPO DE INSTALACIÓN

¿En explotación existente ou de nova creación?:

Se entende explotación de **nova creación** se o punto de partida da súa creación son elementos de explotación que non formen ou formasen parte doutra explotación agraria, agás que sexa unha explotación que se encontre en estado de baixa ou no proceso para considerala de baixa para os efectos administrativos, e se proceda á súa adquisición.

No caso de instalación nunha entidade xurídica, a explotación será de nova creación cando ningún dos socios sexan titulares doutra explotación agraria.

!! Nas incorporacións en explotacións de nova creación pódese considerar, nesta mesma liña de axuda, todo aquel investimento auxiliabile que necesite a explotación. En caso contrario, só se poderá xustificar como gasto auxiliabile os gastos en animais ou plantas non anuais como gasto necesario para a súa incorporación.

3) MODALIDADE DE INSTALACIÓN

- ✓ Titularidade exclusiva
- ✓ Cotitularidade
- ✓ Como persoa socia nunha entidade asociativa (neste caso a persoa moza deberá exercer o control efectivo da explotación → deberá ter un % de participación $\geq$ que o socio que mais ten e formar parte da xunta reitora ou órgano de goberno) (!! Pode ser un problema en sociedades xa constituídas con moito capital social, porque o mozo pode non alcanzar a súa porcentaxe)
 - !! Se o % de participación da persoa moza > 50 %, pode ter dereito a un incremento nas axudas da PAC: beneficio mozo e acceso á reserva nacional
 - !! Se como mínimo o 50 % das persoas socias son beneficiarias de esta axuda no mesmo ano ou nos 5 anos anteriores, teñen dereito a un incremento dun 10 % de axuda nun plan de mellora asociado
- ✓ Titularidade compartida

3) MODALIDADE DE INSTALACIÓN

Modalidades especiais

- ✓ Sendo titular dunha explotación agraria cuxa marxe neta non supere o 20 % da renda de referencia, pase a ser titular dunha explotación prioritaria
- ✓ Sendo titular dunha explotación agraria cuns niveis de dedicación de tempo de traballo e de renda unitaria de traballo inferiores aos mínimos establecidos para os titulares de explotacións prioritarias, alcance esta consideración en calidade de agricultor a título principal

3) MODALIDADE DE INSTALACIÓN

!! Cónxuxes ou parellas de feito en réxime de gananciais que non constituísen titularidade compartida, só poderán ser beneficiarios destas axudas se:

- Constitúen unha sociedade entre sí e a explotación acada unha RUT como mínimo do 35% da RR para cada un dos membros e ambos coticen como UTA na explotación.
- Se instale por integración como persoa socia dunha entidade asociativa, que sexa resultado da fusión de polo menos dúas explotacións preexistentes en funcionamento, sempre que a explotación resultante proporcione unha RUT como mínimo do 35% da RR para cada un dos membros e ambos coticen como UTA na explotación.

4) SOLICITUDE DE AXUDA

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

A solicitude de axuda será formalizada a través da aplicación informática Melles á cal se pode acceder mediante a seguinte ligazón: <https://melles.xunta.gal/melles/sede>

Pódese presentar a través dun representante, pero haberá que autorizalo previamente.

5) SOLICITUDE DE AXUDA

DOCUMENTACIÓN **mínima** para que a solicitude sexa admitida a trámite:

- Anexo I (solicitude) debidamente cuberto e asinado (! os criterios de prioridade, investimentos e importes polos que se solicita axuda NON poden modificarse unha vez estea pechado o prazo de solicitude)
- Plan empresarial que cumpra co contido recollido na norma
- No caso de optar á bonificación da axuda por volume de gasto necesario, memoria xustificativa e **tres** orzamentos por cada un dos investimentos (no caso de honorarios de proxecto xa pagados, presentarán a factura e xustificante de pagamento)

5) SOLICITUDE DE AXUDA

OUTRA DOCUMENTACIÓN necesaria:

- Compromiso de exercer a actividade agraria durante cinco anos dende a concesión da axuda
- Compromiso de ter, e manter durante o período de compromisos, un Agroseguro pola unha liña distinta á retirada e destrución de animais mortos
- Compromiso de manter a creación de emprego que incrementou a prima básica, de ser o caso, durante o período de compromisos
- Compromiso de manter os elementos materiais que formaron parte do volume de gasto que incrementaron a prima base, de ser o caso, durante o período de compromisos
- Certificado de ecolóxico, de ser o caso
- Certificación dun grupo operativo da Asociación Europea de Innovación ou certificado do Gain, de ser o caso

5) SOLICITUDE DE AXUDA

- Certificado de capacitación ou compromiso de acadala (36 meses dende a instalación)
- Compromiso de acadar a condición de Agricultor Profesional
- No caso de SC/CB: compromiso de non disolver a sociedade durante os compromisos

OUTRA DOCUMENTACIÓN:

- Copia DNI
- IVL do mozo, actual titular e/ou socios
- IVL empresa, contratos e DNI dos asalariados, de ser o caso
- 4 últimas Rendas ou certificado de non telas feito

5) SOLICITUDE DE AXUDA

OUTRA DOCUMENTACIÓN en función do investimento solicitado (~ plan mellora):

- Fichas sixpac (peches e roturacións)
- Proxecto visado, licenza e acreditación dispoñibilidade da parcela (obras)
- Acreditación antigüidade do ben (reformas)
- Autorización aproveitamento augas (regadíos, pozos, ...)
- Planos situacións (arrobaderas, cámaras videovixilancia, ...)
- ...

6) ELABORACIÓN DO PLAN EMPRESARIAL

Documento obrigatorio no momento da solicitude, será elaborado por un técnico agrícola/agrónomo/ou titulación equivalente.

O plan empresarial contemplará a situación inicial e final (dous anos tras a finalización do proceso de instalación) da explotación.

No plan empresarial se determinará a Renda Unitaria de Traballo (RUT): a explotación deberá acadar unha **renda unitaria de traballo igual ou superior ao 35 % da RR e inferior ao 120 % desta**. Isto se fai cun balance de ingresos e gastos, co que se determinará a marxe neta da explotación, e dividíndoa entre o número de UTAs obteremos a RUT.

6) ELABORACIÓN DO PLAN EMPRESARIAL

Este balance económico pode ser:

Aberto: presentando a contabilidade real da explotación durante o último ano (facturas de todos os ingresos e gastos) tanto no momento da solicitude coma no momento da certificación.

Pechado: tendo en conta os valores tabulados que contempla a orde de axudas para o cálculo da Marxe Bruta (+ subvencións – gastos financeiros – gastos xerais – gastos de amortización, conservación e mantemento = Marxe Neta)

Para facilitar a elaboración do plan a OAC vos pode facilitar:

- Copia da declaración de superficies da PAC
- Resumo do importe de axudas cobradas PAC
- Censo/produción
- Investimentos anteriores subvencionados e datos de maquinaria inscrita no ROMA

6) ELABORACIÓN DO PLAN EMPRESARIAL

O plan empresarial contemplará:

- Unha descrición da situación inicial e da situación final (unha vez levado a cabo o plan de empresa), con indicación das fases e obxectivos concretos de desenvolvemento das actividades da nova explotación.
- Superficie da explotación (especificando os distintos cultivos e réxime de tenza da terra), cabezas de gando, por especies, e rendementos medios de cada actividade produtiva.
- Inventario **completo** da explotación (construcións, maquinaria e instalacións indicando ano e importe (sen IVE) de compra/adquisición)
- Un plan de investimentos (**información pormenorizada sobre investimentos** e prazos), de ser o caso, en que se indiquen as melloras que se pretende realizar, e que se estableza o seu impacto sobre o cambio climático (emisións de efecto invernadoiro, capacidade de adaptación), inclúa **medidas de aforro e eficiencia enerxética, consumo eficiente de auga**, etc., e no cal figure un estudo de impacto ambiental. No caso de que a normativa europea - estatal - autonómica así o exixa, prestará especial atención aos posibles impactos nas zonas incluídas na Rede Natura 2000.

6) ELABORACIÓN DO PLAN EMPRESARIAL

– Número de UTAs da explotación:

O mozo poderá solicitar incorporarse como 0,5 ou 1 UTA (!! plan de mellora asociado require de 1 UTA; !! investimento por UTA; !! prioridade por UTA completa)

Se determinarán tamén o número de UTAs totais coas que contará a explotación, e que deberán manterse durante o período de **compromisos**, agás:

- Non afecten ao investimento por UTA (!! relación cun plan de mellora)
- Non afecte a criterios de prioridade (!! para certificar se deberá acadar a puntuación mínima coa cal se aprobaron as axudas (puntuación de corte) (!! índices)
- Non afecte á viabilidade da explotación (!! $\geq 35 \%$ e $\leq 120 \%$ RR...)

!! Ante a dúbida deixar constancia no plan empresarial das posibles casuísticas para que quede reflectido que en todas elas se están a cumprir os requisitos.

6) ELABORACIÓN DO PLAN EMPRESARIAL

– **Orientación produtiva e volume de produción.** O solicitante determinará a orientación ou orientacións produtivas nas que quere instalarse, non podendo modificarse na súa totalidade con posterioridade á aprobación da axuda. É importante dimensionar ben os **compromisos** adquiridos, pois se comprobarán no momento da certificación final da axuda, **!!** podendo resultar que haxa un incumprimento se non se acadan, ou pola contra se se sobrepasan, de xeito que ao recalcular se poda perder a condición de prioritaria, perdendo polo tanto puntuación co risco de perder toda a axuda.

!! Ante a dúbida deixar constancia no plan empresarial das posibles casuísticas para que quede reflectido que en todas elas se están a cumprir os requisitos.

– **Xestión de xurros e esterco.** A capacidade da explotación adquirida está estreitamente ligada coa xestión de xurros e esterco. O plan empresarial deberá contemplar unha xestión de xurros e esterco, polo que a explotación debe contar con capacidade de almacenamento suficiente, e terra suficiente para logo espárcilos.



7) CONTÍA E TIPO DE AXUDA

Contía básica de 25.000 €, que se poderán incrementar, sen sobrepasar os 70.000 €, en:

- × Creación de emprego adicional a tempo completo na explotación durante toda a duración do tempo de **compromisos**, ademais da man de obra correspondente á persoa moza instalada: 20.000 €

(!! UTA asalariada por contrato laboral a tempo completo non “vinculada” ao titular/socio)

- × Instalación nunha explotación localizada nunha zona con limitacións naturais: 5.000 €
- × Segundo o volume de gasto (nas que NON son de nova creación só se poderá xustificar como gasto auxiliabile os gastos en animais ou plantas non anuais):
 - De 20.000 a 30.000 €: a contía básica increméntase en 12.500 €.
 - De 30.001 a 40.000 €: increméntase en 17.500 €.
 - De 40.001 a 60.000 €: increméntase en 25.000 €.
 - De 60.001 a 80.000 €: increméntase en 31.500 €.
 - De 80.001 a 100.000 €: increméntase en 40.500 €.
 - Máis de 100.001 €: increméntase en 45.000 €.

No suposto de que se instalen varias persoas mozas na mesma explotación e ano (plan empresarial conxunto), estes incrementos repartiranse a partes iguais entre as persoas mozas que se instalen.



8) CRITERIOS DE PRIORIDADE

- a) Primeira instalación simultánea cun plan de mellora: 8 puntos
- b) Instalación da persoa moza a tempo completo (1 UTA): 6 puntos. **Compromiso** de mantela.
- c) **Incorporarse a un dos instrumentos de recuperación de terras agroforestais (aldea modelo ou polígono forestal): 5 puntos**
- d) **Instalación nunha explotación incluída no Banco de Explotacións: 5 puntos**
- e) Instalación nunha explotación ecolóxica ou que alcance tal condición tras levar a cabo o plan empresarial: 4 puntos. (**!!** ollo se non cumpre na certificación)
- f) Instalación da persoa moza mediante as modalidades de titularidade exclusiva, como socio nunha entidade asociativa ou mediante titularidade compartida: 4 puntos.
- g) Creación de emprego adicional a tempo completo: 4 puntos. **Compromiso** de mantela.
- h) Instalación nunha explotación que inscrita ou que cumpra cos requisitos para ser incluída na sección de explotacións agrarias prioritarias **na situación inicial e final**: 3 puntos.
- i) Localización da explotación nunha zona de montaña: 3 puntos.
- j) **Muller: 3 puntos.**
- k) Plan empresarial que inclúe investimentos nun proxecto innovador: 2 puntos. (Gain)
- l) Explotación localizada nunha zona con limitacións naturais distinta de montaña: 2 puntos.

8) CRITERIOS DE PRIORIDADE

- m) Instalarse nunha explotación socia dunha organización de produtores ou que se comprometa a selo: 2 puntos
 - n) Instalación nunha explotación que pertenza a unha ADSG: 1 punto.
 - o) Instalación nunha explotación que proceda de fusión de explotacións realizada nos últimos cinco anos naturais ou se fusione coa instalación da persoa moza: 1 punto.
-
- No caso de empate a puntos, priorizarase segundo a orde indicada nos criterios de selección. De persistir o empate, priorizarase a incorporación da persoa moza que teña máis idade.
 - Para ser admisibles, as solicitudes deberán alcanzar unha puntuación mínima de 10 puntos e, polo menos, dous criterios.
 - A aplicación dos criterios de prioridade realizarase tendo en conta o momento de finalización do prazo de presentación da solicitude de axuda. (! Deberá de manterse a puntuación mínima do corte para aprobación da axuda no momento da certificación da mesma)



9) COMPROMISOS

- Manter a actividade agraria durante 5 anos dende a aprobación da axuda, agás causas de forza maior. O período de permanencia vese ampliado nos seguintes casos:

Actividade (orientación prod.)	Prazo para entrada en produción (anos)	Período de compromiso de permanencia (anos)
1. Viticultura	5	8
2. Pequenos froitos (arandos, framboesas, grosellas e amoras)	3	6
3. Fruticultura	5	8
4. Viveiros: árbores de produción	3	6

- Acadar a condición de Agricultor Profesional dentro dos 18 meses seguintes á data de instalación
- Acadar a capacitación nun prazo máximo improrrogable de **36 meses dende a data de instalación**
- Acadar, cando finalice o seu plan empresarial, unha renda unitaria de traballo $\geq 35 \%$ e $< 120 \%$ da Renda de Referencia

9) COMPROMISOS

- Ter contratado, e manter durante todo o período de compromisos un Agroseguro distinto á liña de retirada e destrución de animais mortos
- Manter a creación de emprego que incrementou a prima básica, de ser o caso, durante o período de compromisos
- Manter os elementos materiais que formaron parte do volume de gasto que incrementaron a prima base, de ser o caso, durante o período de compromisos
- No caso de instalación en SC/CB: non disolver a sociedade durante 5 anos dende a data final de pago
- Manter a publicidade Feader durante 5 anos dende o pago final da axuda (cartel A4 a cor cos investimentos subvencionados se axuda > 50.000 €)
- Manter os puntos de prioridade mínimos esixidos para a aprobación no momento da certificación final

10) CERTIFICACIÓN

- ☐ Comunicación 1º pago: dentro dos 9 meses dende a aprobación (proceso instalación rematado)
- ☐ Comunicación 2º pago = cumprimento do plan empresarial (2 anos dende instalación) (! se A+B)

Se comprobará a execución do plan empresarial, prestando especial atención en:

- Cumprimento da condición de agricultor profesional. Para o cal se presentará a última renda e IVL (! Olló rendas “negativas”, traballos “esporádicos” ou subir ou baixar UTAs)
- Mantemento do número de UTAs. Presentarán IVL de tódalas UTAs e o IVL empresa + contrato e DNI asalariados, de ser o caso.
- Cumprimento de acadar a capacidade produtiva comprometida. Se comprobará co censo, declaración de superficies, etc... (!! olló se cae por debaixo do 35% da RR ou sube por riba do 120 % RR) (! Cuidado se hai modificacións nas orientacións produtivas)

10) CERTIFICACIÓN

Acreditar que se dispoñen dos medios de produción durante o período de compromisos:
escrituras de compra ou arrendo dos bens da explotación; constitución ou modificación dos estatutos no caso de incorporación en sociedade (elevados a público e liquidados)
(!! ollo... se se fai no momento da solicitude serían 6-7 anos)

- Contratación de agroseguro por unha liña distinta á retirada e destrución de animais mortos
- **(!! algunhas orientacións teñen prazo de subscrición)**
- ¿Certificado da capacitación agraria? (36 meses dende [instalación](#))
- Cumprimento dos criterios de prioridade:
 - Certificado de ecolóxico
 - Creación de emprego a tempo completo
- Cartel publicidade Feader se axuda > 50.000 €



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



Xacobeo 21-22

GRACIÑAS